

**10-outubro-2021**

**28° ORDINARIO-B**



## *Xesús, es a miña riqueza*

Xesús, Xesús, ti es a miña riqueza, nada do mundo vale o que ti vales.

O diñeiro dá benestar,  
pero Ti pódemes dar Vida Eterna.  
O diñeiro axuda á felicidade,  
pero Ti es a FELICIDADE VERDADEIRA.

A riqueza é aparencia,  
pero Ti, Xesús, es  
profundidade.  
A riqueza distancia as persoas,  
pero Ti, Señor, únelas.  
Por iso, Señor, porque Ti es a miña riqueza,  
que nunca te perda,  
que nunca me separe de Ti,  
que nunca te venda por nada,  
que sempre vivas en min,  
para que un día me levas ao ceo.

Que Ti, Xesús, sexas a miña riqueza, que baleire as miñas mans para encherme de ti.

Xesús, Ti dásme ás para amar e dar-me aos demais.

Así terei un tesouro no ceo.